

En referencia á solicitude de información con entrada nesta Universidade o 5 de decembro do 2023, formulada por [REDACTED], con código de rexistro REGAGE23e00082880437, na que solicita copia do expediente [REDACTED].

FEITOS

Con data do 17 de setembro de 2022, [REDACTED] solicita que se proceda ao inicio do procedemento previsto no Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da USC (en adiante Protocolo), tras ter coñecemento de presuntas condutas non apropiadas dun traballador do Centro con tres alumnas de doutoramento e unha de máster, tanto dentro como fóra das instalacións [REDACTED].

Con data do 26 de setembro de 2022, a Comisión de atención ás situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero (en adiante a Comisión) solicita a ratificación da denuncia ás catro presuntas vítimas.

Con data do 27 de setembro de 2022, [REDACTED] ratifica a denuncia e con data do 3 de outubro de 2022 a ratifica [REDACTED].

Con data do 7 de outubro de 2022 réunese a Comisión que debate a admisión a trámite das denuncias ratificadas por [REDACTED] e [REDACTED].

Con data do 14 de outubro de 2022 asínase o acordo da Comisión no que propónse ao reitor a incoación do correspondente expediente.

Con data do 7 de novembro de 2022 por Resolución Reitoral incoouse expediente a [REDACTED] tras a interposición por [REDACTED] e por [REDACTED] de dúas denuncias ao abeiro do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da Universidade de Santiago de Compostela, e noméase como persoa instrutora a [REDACTED].

Tras a instrución do procedemento que consistiu no trámite de audiencia e toma de declaración das persoas denunciante e do denunciado, dito expediente foi arquivado por Resolución Reitoral do 26 de decembro de 2022 debido a que [REDACTED] cesou no seu posto de traballo o [REDACTED] por finalización do contrato que tiña formalizado coa Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) e, polo tanto, xa non formaba parte do ámbito subxectivo do Protocolo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- OBXECTO DA PRESENTE RESOLUCIÓN

Para valorar a solicitude é preciso ter en conta o regulado no Protocolo, dado que se trata dun expediente incoado ao abeiro desta norma, ademais do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Respecto ao Protocolo temos que ter en consideración especialmente o establecido nas súas cláusulas 2ª e 11ª, respecto aos principios de actuación así como aos principios e garantías do procedemento.

A cláusula 2ª, apartado 4, do Protocolo establece entre os seus principios de actuación que *A USC actuará coa máxima dilixencia ante o coñecemento dun suposto caso de acoso, **garantindo o segredo de todas as actuacións realizadas** no correspondente protocolo de actuación.*

Así mesmo, a cláusula 11ª do Protocolo establece entre os seus principios e garantías de procedemento o de confidencialidade, apartado a), que indica que *Toda persoa con competencias nas distintas fases do procedemento contemplado neste Protocolo, así como a que participe ou teña acceso a el, **está obrigada a gardar segredo** e, a quen lle corresponda, a custodiar e protexer os expedientes tramitados. **O incumprimento desta obriga suporá incorrer nunha infracción administrativa ou nun ilícito penal.*** Tamén débese ter en conta o principio de garantía de indemnidade, apartado g), que establece que *A Universidade de Santiago de Compostela asegurará o respecto aos dereitos de todas as persoas que participen na aplicación deste protocolo e **garantirá a indemnidade das vítimas, prohibindo calquera trato adverso ou efecto negativo derivado da presentación dunha queixa, demanda ou recurso, destinados a impedir ou mitigar o acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero.***

Respecto á Lei 19/2013, do 9 de decembro, é necesario ter en conta o establecido no artigo 14.1 sobre os límites ao dereito de acceso, en concreto o establecido no apartado e) relativo a *La prevención, investigación y sanción de los ilícitos penales, administrativos o disciplinarios.*

A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá as circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

Os límites de acceso deben ser motivados e interpretarse e aplicarse de modo razoado, restritivo e aquilatado a teor do prexuízo que o acceso a determinada información pode producir sobre o interese que se pretende salvagardar coa información.

Deste xeito, tendo en conta o contido da documentación solicitada neste caso, cómpre que por parte da USC se faga unha análise do que suporía o acceso a esta información.

2.- PONDERACIÓN DOS INTERESES EN XOGO

En primeiro lugar procede salientar o tipo de información que se solicita. No presente caso dúas investigadoras en formación da USC formularon sendas denuncias contra [REDACTED] ao abeiro do Protocolo. Incoouse o correspondente expediente e realizouse a instrución que consistiu no trámite de audiencia e toma de declaración das denunciantes e do denunciado para, finalmente, archivar o expediente por perder a persoa denunciada a súa vinculación coa USC.

Nas declaracións figuran datos sensibles de terceiros que non poden ser obxecto de transmisión á cidadanía. No caso de anonimización deles sería facilmente determinable a súa autoría no contexto en que as manifestacións foron formuladas. Debemos ter en conta que as solicitudes de acceso á información ao abeiro da Lei da transparencia son realizadas por persoas na súa condición de cidadáns, non como interesados nun procedemento concreto.

Así desde esta perspectiva do posible interese de calquera cidadán, as manifestacións realizadas ao abeiro dunha instrución nun caso concreto con tres persoas afectadas (dúas denunciante e un denunciado) carecen de relevancia para o cumprimento dos principios reitores da lexislación de transparencia, en particular do coñecemento do funcionamento da Administración Universitaria e do seu funcionamento obxectivo e transparente.

Trátase dun conflito interpersonal que non ten transcendencia nin se expande á necesidade do coñecemento das políticas públicas, que é o que debe salvagardar a normativa de transparencia.

Así, ponderando os intereses en xogo, tendo en conta o establecido no Protocolo e que esta información carece de interese xeral e afecta exclusivamente a un conflito entre tres persoas concretas, non se considera que esta información deba ser obxecto de comunicación pública.

Ademais, non afecta ao coñecemento de políticas públicas nin sobre o funcionamento da Administración nin tampouco de datos declarados “públicos”. Non se trata nin de información institucional, organizativa e de planificación (artigo 6 da Lei de transparencia), nin do Rexistro de actividades de tratamento (art. 6bis), nin de información de relevancia xurídica (artigo 7), nin de información económica, orzamentaria ou estatística (artigo 8).

3.- TEST DE DANO

Á vista do anterior, tendo en conta o contido das manifestacións, a imposibilidade de anonimización de datos persoais e de determinados datos sensibles que figuran no expediente, e ponderando entre o interese xeral da USC de salvagardar a información confidencial deste expediente e o de calquera cidadán no seu dereito de acceso á información, a Universidade debe decantarse en favor de non revelar tal documentación dado que é maior o dano que se podería causar nas persoas denunciante que o beneficio derivado do interese da cidadanía en obter esta documentación, ademais de que o acceso a ela contraviría tanto os principios de actuación como os principios e garantías do procedemento que se establecen no Protocolo.

4.- CONCLUSIÓN FINAL

Así, realizada a ponderación entre a publicidade do expediente e a súa reserva e o test de dano, procede manter a reserva do mesmo e denegar á cidadanía o acceso a este expediente, considerando tamén o deber de segredo de todas as actuacións realizadas establecido no Protocolo e as limitacións ao dereito de acceso establecidas na Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral, RESOLVE:

Desestimar a petición de acceso á información en aplicación dos criterios de ponderación e test de dano establecidos na presente resolución e tendo en conta o establecido na cláusula 2ª, apartado 4), e na cláusula 11ª, apartados a) e g), do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da Universidade de Santiago de Compostela, así como o artigo 14.1, apartado e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O que lle comunico para os efectos oportunos, indicándolle que contra a presente resolución poderá presentar reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia no prazo dun mes a contar dende a recepción desta notificación ou dende que se produza a caducidade desta, de ser o caso.

A secretaria xeral

Dulce Mª García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n° 236 do 2 de outubro de 2015).



Notificación mediante comparecencia en sede